

Presidente do GDR Asociación Ribeira Sacra Courel

Rúa Doutor López Lallena, 6, 18 D

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO ELECTRÓNICO

Data 22/05/2018 13:55:57

SAÍDA 274013 / RX 752658



**MODIFICACIÓN** da resolución pola que se aprobaron os criterios de selección e priorización de proxectos correspondentes ao GDR 6 “Asociación Ribeira Sacra-Courel”, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020, así como rectificación de erro material e aritméticos na modificación desta resolución

### Antecedentes

O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titular da Dirección xeral de Agader a aprobación definitiva desas normas de xestión, condicionando a selección das estratexias de desenvolvemento local a esta aprobación definitiva.

Tendo en conta a necesidade de concreción e obxectivación dos diferentes criterios que servirán para seleccionar, valorar e priorizar os proxectos, e unha vez concretados entre Agader e o GDR, as limitacións sectoriais, criterios de selección e priorización de proxectos reflectidos nos parágrafos anteriores, a xunta directiva do GDR procedeu á aprobación dos mesmos mediante o Acordo do 25 de xuño de 2016.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emitíuse, o 30/01/2017, a RESOLUCIÓN do director xeral de Agader pola que se aprobaron as normas de xestión da estratexia para o período 2014-2020.

O 14/02/2018 o director xeral de Agader emitiu a modificación da resolución pola que se aprobaba a modificación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como das limitacións sectoriais, correspondentes á Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR 6 Asociación Ribeira Sacra-Courel, no seu epígrafe VII.1.B, apartado b.3.

O 03/04/2018 rexistrouse en Agader unha solicitude de modificación dos apartados VII.2 (epígrafes g.1 e g.2) e VII.2.4 ( inclusión dunha nova tipoloxía de proxectos de prioridade alta medioambientais: inclusión de uso de enerxías renovables e/ou proxectos de eficiencia enerxética) dos criterios de selección e baremación que se reflicten no Anexo I da citada Resolución do 30/01/2017 do director xeral da Agader, pola que se aprobaron as normas de xestión da Estratexia para o período 2014-2020.



## Fundamentos de dereito.-

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenio de colaboración do 13 de decembro de 2016 entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR « Asociación Ribeira Sacra Courel», para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia, cofinanciado co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto),

Unha vez comprobado que non existe ningún proxecto presentado con anterioridade a esta data que estea pendente de resolución ou que poida resultar afectado, tanto directa como indirectamente pola aprobación desta modificación dos criterios de selección e/ou de priorización de proxectos, xa que a modificación refírese ao establecemento de criterios interpretativos, e

Tendo en conta:

-Que a competencia para resolver sobre a modificación das normas de xestión das Estratexias lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto)

- O informe do subdirector de Relacións cos GDR do 15 de maio de 2018

## RESOLVO:

1.- **A rectificación de erro material** na modificación da resolución do 14 de febreiro do 2018, pola que se aprobou a modificación dos criterios de selección e priorización de proxectos correspondentes ao GDR 6 “Asociación Ribeira Sacra-Courel”, en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, consistente no nome erróneo do GDR que se indica no título desta resolución:

MODIFICACIÓN da resolución pola que se aprobaron os criterios de selección e priorización de proxectos correspondentes ao GDR “Costa da morte”, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo



Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

### **Pasa a ser substituído polo que a continuación se indica:**

MODIFICACIÓN da resolución pola que se aprobaron os criterios de selección e priorización de proxectos correspondentes ao GDR "Asociación Ribeira Sacra Courel", así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

2.- **A modificación** da resolución do 30/01/2017, do director xeral da Agader pola que se aprobaron as normas de xestión da estratexia para o período 2014-2020, de xeito que no Anexo I da citada resolución, nos epígrafes g.1 e g.2 do apartado VII.2, e, na tipoloxía de proxectos de prioridade alta medioambientais do apartado VII.2.4 que sinalaban o seguinte:

#### VII.2 CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

##### g.1 SECTOR SERVICIOS:

Só se subvencionará novas empresas do sector servizos en núcleos de poboación onde non existan no momento da solicitude axuda (*segundo nomenclator do IGE*), e con informe do secretario municipal sobre a inexistencia de dita actividade no núcleo onde se pretende desenvolver dito novo servizo, e se subvencionará as melloras e/ou as ampliacións das empresas de servizos existentes, inclusive o uso de enerxías renovables ou as melloras de eficiencia enerxética como forma de consolidar o emprego en ditas actividades (A mellora da eficiencia enerxética deberá quedar acreditada mediante informe emitido por técnico cualificado ou dunha auditoría enerxética. A redución dos custos derivados da mellora da eficiencia enerxética deberá acadar un mínimo do 40%).

##### g.2 SECTOR COMERCIO POLO MIÚDO.-

Apoiarase con carácter xeral o comercio polo miúdo, o criterio que se establecerá para a subvencións para o comercio polo miúdo será:

- para os de nova creación, que non exista no núcleo de poboación (*segundo nomenclator do IGE*) onde se pretende desenvolver o proxecto unha actividade similar, mediante certificación do secretario do concello sobre a inexistencia de dita actividade.

#### VII.2.4. PROXECTOS NON PRODUTIVOS: ALTA, MEDIA OU BAIXA

Proxectos de PRIORIDADE ALTA:

- Medioambientais, pola importancia e sinal de identidade do territorio co Medio Ambiente, proxectos de recuperación e posta en valor dos valores medioambientais do territorio: miradoiros; entornos fluviais; areas de lecer en entornos naturais;



centros de divulgación e interpretación dos recursos naturais do territorio; paisaxísticos; de divulgación e difusión mediante publicacións, organización de xornadas e congresos; e proxectos similares de incidencia directa sobre a posta en valor dos valores medioambientais do territorio

### **Pasa a ser substituído polo que a continuación se indica:**

#### VII.2 CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

##### g.1 SECTOR SERVICIOS:

Só se subvencionará novas empresas do sector servizos en núcleos de poboación onde non existan no momento da solicitude axuda (*segundo nomenclator do IGE*), e con informe do secretario municipal sobre a inexistencia de dita actividade no núcleo onde se pretende desenvolver dito novo servizo, e se subvencionará as melloras e/ou as ampliacións das empresas de servizos existentes, inclusive o uso de enerxías renovables ou as melloras de eficiencia enerxética como forma de consolidar o emprego en ditas actividades (A mellora da eficiencia enerxética deberá quedar acreditada mediante informe emitido por técnico cualificado ou dunha auditoría enerxética. A redución dos custos derivados da mellora da eficiencia enerxética deberá acadar un mínimo do 40%).

*Nota: de presentarse varia solicitudes destes proxectos nunha mesma convocatoria o GDR so seleccionará o proxecto que acade a maior puntuación no baremo, de existir empate terase en conta o criterio establecido nestas normas de xestión do baremo para a ordenación de proxectos produtivos*

##### g.2 SECTOR COMERCIO POLO MIÚDO.-

Apoiarase con carácter xeral o comercio polo miúdo, o criterio que se establecerá para a subvencións para o comercio polo miúdo será:

- para os de nova creación, que non exista no núcleo de poboación (segundo nomenclator do IGE) onde se pretende desenvolver o proxecto unha actividade similar, mediante certificación do secretario do concello sobre a inexistencia de dita actividade.

*Nota: de presentarse varia solicitudes destes proxectos nunha mesma convocatoria o GDR so seleccionará o proxecto que acade a maior puntuación no baremo, de existir empate terase en conta o criterio establecido nestas normas de xestión do baremo para a ordenación de proxectos produtivos*

#### VII.2.4. PROXECTOS NON PRODUTIVOS: ALTA, MEDIA OU BAIXA

Proxectos de PRIORIDADE ALTA:

- Medioambientais, pola importancia e sinal de identidade do territorio co Medio Ambiente, proxectos de recuperación e posta en valor dos valores medioambientais do territorio: miradoiros; entornos fluviais; areas de lecer en entornos naturais; centros de divulgación e interpretación dos recursos naturais do territorio; paisaxísticos; de divulgación e difusión mediante publicacións, organización de xornadas e congresos; e proxectos similares de incidencia directa sobre a posta en



valor dos valores medioambientais do territorio. Ademais, tamén terán prioridade alta os proxectos relacionados co uso de enerxías renovables e/ou proxectos de eficiencia enerxética.

O resto dos contidos da mesma permanecen inalterables.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela.

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

